

1 PENETRACIÓN DA SI NA POBOACIÓN

1.1 Introducción

O presente documento forma parte do diagnóstico de situación levado a cabo como unha das bases de elaboración do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI). En concreto, o seu obxectivo é plasmar aqueles aspectos máis significativos en relación co uso que a poboación en xeral fai das TIC, fundamentalmente desde unha perspectiva persoal.

Cando se abordan traballos desta natureza, xorde a dificultade da diversidade e disparidade de fontes, aspecto que fai difícil establecer con rigor marcos comparativos precisos. Por tanto, o criterio xeral empregado para a realización deste informe toma en consideración as seguintes premisas:

- > Cando se trata de levar a cabo análises comparativas entre Galiza e outras comunidades autónomas españolas ou estados do contorno europeo, recórrese ás fontes secundarias –prioritaria pero non exclusivamente ás institucionais, como poidan ser o Instituto Nacional de Estadística ou Eurostat–, que garanten un marco metodolóxico homoxéneo para a elaboración dese dato ou indicador concreto.
- > Se, polo contrario, preténdese levar a cabo unha análise polo miúdo en función de diferentes parámetros sociais, territoriais ou doutra índole da situación en Galiza, entón tómase como referencia principal o traballo de campo realizado como parte integrante deste traballo. En todo caso achéganse os datos provenientes desta fonte primaria.

Con carácter xeral, os diferentes apartados deste informe tratan de establecer primeiro o contexto, poñendo en referencia a Galiza co seu contorno xeosocial e,

posteriormente, entran ao detalle, á desagregación da información primaria obtida a partir das enquisas.

Por outra banda, malia que é profuso en datos, o presente documento non ten por obxecto a exposición extensiva dos resultados das enquisas, senón a análise comparativa desta información de cara a obter a diagnose. O documento "Informe das Enquisas - Poboación" é o que expón polo miúdo o resultado destas.

Os restantes contidos do documento estrutúranse conforme á seguinte orde:

- > O Capítulo 2, "Utilización de TIC e servizos da Sociedade da Información", detense no estudo dos niveis e patróns de uso destes dispositivos e servizos, con fincapé no exame das diferenzas de orde socioterritorial.
- > Do mesmo xeito, o Capítulo 3, "Equipamento TIC no fogar" aborda un repaso equivalente relativo á presenza das TIC nos fogares galegos.
- > Pola súa banda, o Capítulo 4, "Destreza e coñecemento no manexo das TIC" trata de analizar cal é o nivel das habilidades TIC e do coñecemento dos servizos da Sociedade da Información entre a poboación.
- > O Capítulo 5, "Magnitudes económicas asociadas ás TIC no fogar" expón os datos máis relevantes do gasto familiar neste eido.

Finalmente, os capítulos 6 a 8 analizan outros aspectos de interese, máis específicos, como os usos para a compravenda, a aprendizaxe ou a relación coa administración; e, especialmente, a consideración do valor da lingua galega nos servizos en liña e nas TIC en xeral.